



ADDENDA DE RENOVACIÓN DO CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN MENIÑOS, PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PILOTO DE INTERVENCIÓN PRENATAL E PERINATAL CON NAIS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL, PROMOVIDO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E EXECUTADO POLA FUNDACIÓN MENIÑOS

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha outra parte, **Don Antonio López Díaz**, reitor magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG do 4 de xuño), e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra **Dona Mónica Permuy López**, con NIF 326473872, Directora Xeral da **Fundación Meniños** con enderezo social en Avenida de Cádiz N°5, 2º Esquerda da Coruña, que actúa en calidade de representante legal, segundo poder nº 2708/2006 asinado ante o notario Don José Manuel Lois Puente en A Coruña.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Meniños subscribiron o 6 de maio de 2019 un Convenio de colaboración para o desenvolvemento do *Programa piloto de intervención prenatal e perinatal con nais en situación de dificultade social*, promovido pola Consellería de Política Social e executado pola Fundación Meniños.

Segundo.- No Convenio establecíase unha vixencia ata o 31 de decembro de 2020, podendo prorrogarse no seu caso mediante a subscrición da oportuna addenda.

Terceiro.- Ambas partes están interesadas en renovar a vixencia do devandito Convenio, polo que acordan subscribir a presente Addenda de Prórroga nos seguintes



TERMOS

ÚNICO.- As partes acordan establecer unha prórroga por catro (4) anos, do Convenio asinado o 6 de maio de 2019, dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2024, sempre que continúe a desenvolverse o *Programa de intervención prenatal e perinatal con nais en situación de dificultade social*.

O resto de cláusulas e condicións estipuladas no Convenio mantéñense plenamente vixentes.

E en proba de conformidade, os representantes das entidades asinan o presente Convenio dixitalmente.

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz. Reitor

Pola Fundación Meniños

Mónica Permuy López. Directora Xeral